

TEATRO

O PRINCIPIO DE ARQUÍMEDES

Autor: Josep María Miró i Coromina

Compañía: Teatro do Atlántico

Dirección: Xulio Lago


Elenco: María Barcala, Toni Salgado, Alberto Rolán, Marcos Viéitez

Escenografía: Baltasar Patiño

Iluminación: Baltasar Patiño, Xulio Lago

Música: Anxo Graña

Vestuario: Susa Porto



Saír a flote

Inma López Silva

A celebración, proeza incluída, dos 30 anos de Teatro do Atlántico atopou un cómplice venturoso no texto de Josep María Miró i Coromina, acaído á liña da compañía e acaído, sobre todo, a un público galego ao que lle veñen ben, tamén, as obras non compracentes, os temas críticos e, sobre todo, este ton de traxedia contida que tan ben desenvolve Xulio Lago e que, fóra excepcións, constitúe un dos selos de identidade da compañía. *O principio de Arquímedes* é unha desas producións que unha desexaría ver sempre por primeira vez, descoñecendo todo para ir penetrando nunha estrutura dramática ben interesante, baseada na fragmentación repetitiva e, sobre todo, para deixarse ir nunha marea de pensamentos vencellados ao tema complexo que se trata na peza: onde fican os límites da perversión

sexual? Onde chegamos cos nosos tabús e os nosos medos nunha sociedade que prefire reprimir para preservar a seguridade? Velaí como a peza de Miró i Coromina se bota de cheo a debuzarnos coas nosas propias contradicións como cidadás libres e como nais, e, sobre todo, como foxe dos argumentos facilóns, quizais pequenoburgueses tan habituais neste tempo de crise financeira, para levarnos ao teatralísimo terreo das emocións e dos compromisos.

Coma sempre en Teatro do Atlántico, a clave non só radica nunha habelenciosa selección do texto, senón nunha opción escénica que intensifica as interpretacións dos actores -María Barcala, Toni Salgado, Alberto Rolán e Marcos Viéitez- como soporte do teatro, uns actores aos que se lles esixe iso que Lago dirixe tan ben: a dosificación das miradas e os silencios, o non dito como depósito de sentidos complexos e como espazo para a reflexión sosegada para o espectador. A selección de Toni Salgado e María Barcala

como protagonistas, neste senso, é a axeitada, el desde un perfil físico acaído a un papel no que sabe construír unha evolución interesante e achegar uns matices que redundan, xustamente, no enriquecemento do personaxe; ela, desde unha posición calma e segura nunha interpretación na que gaña sentido e complexidade o *background* do personaxe.

Non quixera pasar por alto a escenografía de Baltasar Patiño que nos sitúa na linguaxe do realismo absoluto nese vestuario das clases de natación infantís que son fonte de conflito e non de inocencia. Mais o realismo racha no punto no que os espectadores, enfrontados os uns aos outros pola inclusión de público no escenario, aínda que ante un efecto distanciador que os obriga a experimentar a recepción criticamente, a entender que todos somos actores e espectadores do noso contexto social e que, xa que logo, todos somos tamén responsábeis tanto das nosas accións coma das lecturas colectivas que facemos delas.

O principio de Arquímedes é teatro para gozalo pensando sobre nós e sobre as contradicións do noso contexto, e é teatro para procurar na nosa contorna as pequenas traxedias que constitúen a cerna das nosas vidas e das relacións humanas. Porque igual ca os teatros, non sempre se sae a flote nesta sorte de principio de Arquímedes que é a vida, máis ben mergullámonos, entramos e saímos, sorteamos obstáculos e, finalmente, poucas veces atopamos o bo repouso ao que sempre nos obriga Teatro do Atlántico para pararnos a respirar, pensar, e sermos máis intelixentes.